



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Actos en conmemoración do Día das Letras Galegas: Acto literario

CONVOCATORIA: Actos en conmemoración do Día das Letras Galegas

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Lingua galega

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	1
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2018
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 09/05/2018 - 00:00h ao 15/05/2018 - 23:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRINCIÓN CURSO

A Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas de 2018 á escritora de literatura infantil e xuvenil María Victoria Moreno Márquez (1939-2005). A EGAP, como institución pública galega, súmase á homenaxe desta insigne escritora en lingua galega organizando un acto literario, seguido da inauguración dunha mostra de arte, así como dunha viaxe de interese cultural.

DESTINATARIOS

No acto literario e na posterior inauguración da mostra de arte poderá participar calquera persoa interesada. Á viaxe cultural terá acceso só o persoal empregado público ao servizo de calquera das administracións públicas de Galicia (ata 50 prazas). No caso de se presentaren máis solicitudes que prazas, terá preferencia o persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia.

PROGRAMA

- O día 16 de maio, ás 12.00 horas, no salón de actos da EGAP, celebrarase un acto literario no que a escritora Dna. Fina Casalderrey impartirá unha conferencia en relación coa vida e obra da autora homenaxeada e o músico D. Emilio Rúa interpretará dúas composicións propias baseadas nos seus textos. Ao finalizar o acto, inaugurarase a Mostra de artes das Letras Galegas, na que o persoal empregado público da Administración autonómica exhibirá na sede da EGAP, ata o vindeiro 15 de xuño, as súas creacións artísticas.
- O día 17 de maio, terá lugar unha viaxe de interese cultural polos escenarios onde transcorreu unha boa parte da vida da autora agasallada. O programa e o percorrido poderanse consultar na páxina web da EGAP.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

As persoas interesadas en participar no acto literario, deberán formalizar a súa inscrición, a través da área de matrícula, da web da EGAP: <https://egap.xunta.gal/matricula/>. O prazo estará aberto desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, ata as 23.00 horas do día 13 de maio 2018.

Unha vez formalizada a inscrición a que se refire o punto anterior, as persoas interesadas en participar na viaxe cultural deberán, ademais, enviar un correo electrónico a novas.egap@xunta.gal, no que se indiquen o seu nome, apelidos e datos de contacto, así como o seu vínculo de pertenza a calquera das administracións públicas de Galicia.

A inscrición na viaxe implica a obrigatoriedade de asistir ao acto literario. Para a selección da viaxe cultural terase en conta a data e a hora de recepción do correo electrónico.

3. DATOS EDICIÓN

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 16/05/2018 a 16/05/2018

NUM. PRAZAS: 286

ESTADO: NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 16 de maio de 11:45 a 13:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA